



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 226/1102

RESOLUCIÓN

I.-Antecedentes

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en materia de transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, tal e como se pode comprobar, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

Na execución das ditas políticas públicas, o Concello de Vigo dá un paso máis coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30.03.2015, na “*Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana*” da *Federación Española de Municipios y Provincias*, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Goberno Local da FEMP, asumindo os compromisos e estándares de conduta establecidos neste instrumento no marco da estratexia de transparencia definida ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Segundo.- Asignar, de conformidade coas previsións do CBGL, as responsabilidades políticas no seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, e as responsabilidades administrativas á Secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña.

Terceiro.- Dar publicidade ao acordo de adhesión mediante a súa inserción na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, incluíndo así mesmo o texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu xeral coñecemento pola cidadanía.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á FEMP, á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidada.

Quinto.- Dar publicidade interna ao presente acordo mediante a inserción na intranet municipal do mesmo así como do texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu coñecemento polo conxunto dos empregados públicos.”

No marco do desenvolvemento dunha cultura de transparencia resulta fundamental facilitar o exercicio do dereito de acceso á información pública nos termos recollidos nos artigos 12 e seguintes da Lei de Transparencia. Nese senso o Concello de Vigo, publica no Portal de Transparencia en relación con esta materia un número relevante de indicadores non esixidos pola normativa segundo os establecidos como recomendables no Índice de Transparencia da ONG Transparencia Internacional España, apartado no que o Concello obtivo na última avaliación (2017) a máxima puntuación.

II.- Proposta técnico-xurídica

Tal e como se configura legalmente o dereito de acceso á información pública, con arraigo constitucional no artigo 105 exércese libremente, en canto aos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder do Concello ou que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, é dicir, trátase dun dereito que polo seu contido transversal afecta a toda a organización.

A normativa non contempla requirimentos de carácter organizativo, máis aló da obriga de establecer sistemas para integrar a xestión de solicitudes de información da cidadanía no funcionamento da organización interna, polo que a tal fin, e para garantir o mellor e máis axeitado tratamento das solicitudes de acceso á información, constituíse por Resolución desta Concellería de data 17.02.2016 o Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública.

Por Resolución da Alcaldía de data 23.02.2016, delegouse na Concellería de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, a competencia municipal para a resolución das solicitudes de acceso á información pública suxeitas á LTBG, establecendo a colaboración de todas as concellerías municipais e todos os servizos e áreas, para o exercicio da dita competencia, prevendo como órgano de apoio na tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información pública o Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública, ao que se lle asignan, entre outras, as seguintes funcións:

- Estudo, análise e debate sobre os aspectos técnicos, xurídicos e operativos na aplicación da normativa en materia de transparencia, en particular, a integración dos procedementos administrativos na xestión de expedientes e o desenvolvemento das aplicacións electrónicas necesarias para tal fin.
- Estudo, análise e articulación de solucións instrumentais para a adecuación das estruturas organizativas municipais ás necesidades derivadas da tramitación de expedientes afectados polas obrigas legais en materia de transparencia, tanto directa como indirectamente.
- Ditame sobre criterios xerais en relación coa aplicación da normativa en materia de transparencia. No caso de que o referido ditame deba ser elevado ao órgano competente para a adopción formal de resolucións para os ditos efectos, encoméndaselle á secretaria do Goberno a formulación do correspondente informe-proposta.
- Impulso, no marco das directrices da concellería de Xestión Municipal, as políticas municipais en materia de transparencia e acceso á información pública, prestando, cando sexa requirido para tal fin, asesoramento aos servizos e áreas municipais no marco da competencia material asignada.
- Cantas outras lle resulten atribuídas pola Concellería delegada de Xestión Municipal en garantía do cumprimento das prescricións normativas que, en cada momento, se vaian aprobando e da execución das decisións organizativas municipais

Considerando a experiencia no funcionamento do Grupo de Traballo e a súa funcionalidade e operatividade para a integración na xestión municipal do procedemento de acceso á información pública, por Resolución desta Concellería de data 27.10.2017 acordouse incoar expediente administrativo para a aprobación como boa práctica municipal a constitución do



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 226/1102

“Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información” e a súa remisión á *Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana* da FEMP, nomeando instrutora do mesmo á secretaria de Goberno Local, en canto responsable administrativa do CGBL.

Polo exposto, considerando as vantaxes desta fórmula organizativa e o interese que no desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia ten como elemento de reforzo do Código de Bo Goberno Local subscrito polo Concello de Vigo, formúlase ao concelleiro-delegado de Xestión Municipal, no exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 19.06.2015 e posteriores modificacións, a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Establecer como boa práctica municipal de transparencia e bo goberno, a constitución do Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública, como órgano de apoio na xestión municipal da publicidade pasiva e garantía cidadá no exercicio do dereito de acceso á información pública.

Segundo.- Aprobar a remisión á *Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana* da FEMP, da iniciativa no marco das políticas públicas de transparencia e integridade na xestión municipal, para a súa incorporación ao Banco de Boas prácticas.

Terceiro.- Dar traslado da presente aos membros do Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública e Ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia.

CCA/rs

Data de sinatura dixital.

A secretaria do Goberno Local, M.^a Concepción Campos Acuña.

Vista a precedente proposta da secretaria do Goberno Local,

RESOLVO:

Prestar conformidade coa mesma, e ordenar a execución nos seus termos.

Data e sinatura dixital.

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, Francisco Javier Pardo Espiñeira.

A secretaria do Goberno Local, M.^a Concepción Campos Acuña.